

NOME CIENTÍFICO

Camellia japonica

Descrición:

Trátase dun arbusto ou pequena árbore, de crecemento lento, que pode chegar aos 10-15 metros de altura. A súa forma é moi variable, dende compacta e recta ata aberta e espallada.



28

As flores aparecen de forma solitaria ou en parellas, cun diámetro de entre 3-10 centímetros sendo a súa cor variable, dende branca ata completamente vermella.

Familia: Theaceae
Orixe: Asia oriental.
Nome común: Camelia



29



31



30

As follas son pecioladas, ovais, coa face verde escura e o envés máis pálido.

O froito é seco e aparece en cápsulas esféricas duns 3 centímetros.

Camellia japonica

Hábitat

Atópase brava na China (Shandong e leste de Zhejiang), Taiwán, Corea do Sur e sur do Xapón. Medra en bosques, cunha altitude entre 300 e 1100 m. Adaptouse ben ás condicións climáticas e edáficas dalgunhas zonas de clima temperado e solos acedos coma o sur de Galicia. Moi común nos xardíns das Rías Baixas.

Ademais da polinización típica por insectos, en Xapón hai un paxaro chamado *paxaro dos ollos brancos* (*Zosterops japonica*) que a poliniza.

Usos ou propiedades

Fundamentalmente ornamental aínda que tamén se emprega para elaborar un aceite de camelia. Ten un lixeiro aroma a té verde e unha cor amarelo-verdosa.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC) pero con poboación en descenso.

Curiosidades

Foi introducida en Europa no século XVIII, chegando a Galicia rapidamente (principios do XIX). De feito, é moi común nos xardíns galegos. Tense chamado a flor das Rías Baixas.

O xénero *Camellia* tomou o nome do xesuíta e botánico George Kamel. O nome da especie *japonica* deullo Carl von Linné en 1753 a causa de que Engelbert Kaempfer foi o primeiro en describir a planta cando estaba no Xapón.

As camelias do Xapón máis antigas que se coñecen en Galicia, e que aínda sobreviven, son as do parque Castrelos (Quiñones de León) en Vigo.